

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

4357 *Real decreto 78/2019, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 49/1999, do 20 de decembro, sobre medidas de control de substancias químicas susceptibles de desvío para a fabricación de armas químicas.*

A Convención sobre a prohibición do desenvolvemento, a produción, o almacenamento e o emprego de armas químicas e sobre a súa destrución, en diante a Convención, asinada en París o 13 de xaneiro de 1993, foi ratificada por España o 3 de agosto de 1994 e entrou en vigor o 29 de abril de 1997.

A complexidade técnica da mencionada Convención e o feito de contar con certas disposicións non autoexecutables obrigaron á promulgación, ao abeiro do disposto nos artigos 149.1. 26.^a e 149.1.10.^a da Constitución, da Lei 49/1999, do 20 de decembro, sobre medidas de control de substancias químicas susceptibles de desvío para a fabricación de armas químicas.

Por outro lado, algúns aspectos da Convención non estaban desenvolvidos e fóronse adoptando ao longo destes anos mediante decisións do Consello Executivo e da Conferencia de Estados Parte da Organización para a Prohibición das Armas Químicas, en diante OPAQ, cuxo contido é preciso dar a coñecer e trasladar á lexislación nacional (decisións: C-I/DEC.34; C-I/DEC.35; C-I/DEC.36; C-I/DEC.37; C-I/DEC.39; C-I/DEC.40; C-I/DEC.42; C-I/DEC.43; C-II/DEC.6; C-III/DEC.6; C-III/DEC.7; C-V/DEC.16; C-V/DEC.17; C-V/DEC.19; C-VI/DEC.10; C-8/DEC.7; C-9/DEC.6; C-10/DEC.12; C-13/DEC.4; C-14/DEC.4; EC- 47/DEC.8; EC-53/DEC.16 e EC-XIX/DEC.5).

Ademais, a Resolución 1540 do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, aprobada o 28 de abril de 2004, exhorta os Estados a adoptaren medidas apropiadas e eficaces para previr e impedir a proliferación de armas de destrución masiva, aludindo expresamente á fabricación, adquisición, posesión, desenvolvemento, transporte, transferencia e uso de armas químicas por parte de axentes non estatais.

Así mesmo, a Resolución 2325 do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, do 15 de decembro de 2016, exhorta todos os Estados a intensificaren os seus esforzos para a aplicación íntegra e efectiva da Resolución 1540, centrándose, cando e onde proceda, nos ámbitos en que é preciso adoptar medidas ou reforzar as existentes.

Por outro lado, a Estratexia de seguridade nacional 2017, aprobada en Consello de Ministros o 1 de decembro de 2017, establece entre as súas liñas de acción estratéxicas a de combater a proliferación de armas de destrución masiva, os seus vectores de lanzamento, materiais conexos e tecnoloxía asociada, así como impedir o seu acceso a axentes non estatais e, en particular, a organizacións terroristas.

En cumprimento destas previsións legais dítase o presente regulamento, que desenvolve a Lei 49/1999, do 20 de decembro, desenvolvemento regulamentario fundamental para garantir o exercicio das funcións encomendadas pola Lei 49/1999, do 20 de decembro, á Autoridade Nacional para a Prohibición das Armas Químicas, en especial as de control, inspección e acompañamento que se desenvolven nos termos establecidos na Convención e na Lei 49/1999, do 20 de decembro, salvagardando ao mesmo tempo os intereses lexítimos do Estado, concretamente os que afectan a defensa e seguridade, e dos sectores industriais e produtivos implicados. Ademais, o regulamento desenvolve os datos específicos que se farán constar no rexistro que crea o artigo 9 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, os prazos e procedemento de subministración da información e a protección dos datos subministrados.

O regulamento consta de trinta e oito artigos divididos en tres títulos. O título I (Disposicións xerais) comprende os artigos 1 a 6; o título II (Información) consta de tres capítulos: o capítulo I, relativo á información obrigatoria que deben proporcionar os suxeitos obrigados á Autoridade Nacional para a Prohibición das Armas Químicas, en diante ANPAQ, artigos 7 a 10; o capítulo II, relativo ao rexistro de actividades e suxeitos obrigados, artigos 11 a 17; e o capítulo III, relativo á seguridade e protección dos datos, artigo 18. Por último, o título III, sobre a verificación, ten tres capítulos; o primeiro sobre disposicións xerais relativas ás inspeccións (artigos 19 e 20), o segundo sobre as inspeccións internacionais, artigos 21 a 23, e o terceiro sobre as inspeccións nacionais, artigos 24 a 38.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1 da Constitución, nas súas regras 26.^a (réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos) en canto se regula unha materia directamente relacionada cun tipo concreto de armas, as químicas; e 10.^a (comercio exterior), en canto ás actividades de importación e exportación de substancias e intercambio de información rexistral sobre estas actividades.

O presente real decreto ten o seu fundamento legal na disposición derradeira terceira da Lei 49/1999, do 20 de decembro, que faculta o Goberno para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da lei, fixando en especial as medidas para a subministración de información por parte dos suxeitos obrigados e o exercicio das funcións inspectoras e de acompañamento.

Así mesmo, de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considérase que o presente regulamento se adecua aos ditos principios por ter un interese xeral na seguridade nacional, unha identificación clara dos fins perseguidos e unha participación activa dos afectados na súa elaboración sen xerar gastos nas administracións afectadas.

Este real decreto foi sometido ao trámite de audiencia e información pública previsto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, emitiu informe favorable a Xunta Interministerial para o Comercio e Control do Material de Defensa e Tecnoloxías de Dobre Uso, de conformidade co artigo 18 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, así como a Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos, de acordo co número segundo da Orde PRE/631/2002, do 15 de marzo, pola que se regula a composición e funcións da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos. Do mesmo modo emitiu informe favorable, con carácter preceptivo, a Axencia Española de Protección de Datos, conforme o disposto no artigo 37.1.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 5.b) do Estatuto da Axencia de Protección de Datos, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo; do ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; da ministra de Defensa; da ministra de Facenda; do ministro do Interior; da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Mediante o presente real decreto apróbase o Regulamento polo que se desenvolve a Lei 49/1999, do 20 de decembro, sobre medidas de control de substancias químicas susceptibles de desvío para a fabricación de armas químicas, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.26.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos, e 149.1.10.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

1. Facúltanse os ministros de Industria, Comercio e Turismo, de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, de Defensa, de Facenda, do Interior e de Sanidade, Consumo e Benestar Social, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente real decreto.

2. Autorízase o ministro de Industria, Comercio e Turismo para modificar os anexos e apéndices do regulamento que se aproba, mediante orde ministerial.

Disposición derradeira terceira. *Non incremento de gasto de persoal.*

As medidas incluídas neste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO

REGULAMENTO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 49/1999, DO 20 DE DECEMBRO, SOBRE MEDIDAS DE CONTROL DE SUBSTANCIAS QUÍMICAS SUSCEPTIBLES DE DESVÍO PARA A FABRICACIÓN DE ARMAS QUÍMICAS

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente regulamento regula, en desenvolvemento da Lei 49/1999, do 20 de decembro, as medidas de control de substancias químicas susceptibles de desvío para a fabricación de armas químicas, a que se someterán os suxeitos obrigados ou operadores que realicen ou pretendan realizar actividades suxeitas a control que teñan por obxecto as referidas substancias.

2. As obrigacións e as sancións establecidas na Lei 49/1999, do 20 de decembro, na forma prevista no presente regulamento, entenderanse sen prexuízo das obrigacións e sancións establecidas na lexislación penal aplicable e na lexislación da Unión Europea e nacional en materia de limitacións á comercialización e importación, introdución e exportación, expedición, corretaxe e tránsito de determinadas substancias químicas e produtos de dobre uso, así como as relativas á súa etiquetaxe, transporte e almacenamento.

3. O presente regulamento aplicarase sen prexuízo do establecido nos seguintes regulamentos da Unión Europea:

a) Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos.

b) Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (CLP).

c) Regulamento (CE) n.º 428/2009 do Consello, do 5 de maio de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións, a transferencia, a corretaxe e o tránsito de produtos de dobre uso, e a súa última actualización a través de actos delegados á Comisión.

d) Regulamento (UE) n.º 98/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013, sobre a comercialización e a utilización de precursores de explosivos.

e) Regulamento (UE) n.º 599/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións, a transferencia, a corretaxe e o tránsito de produtos de dobre uso.

Artigo 2. *Definicións.*

Serán de aplicación as definicións establecidas na Lei 49/1999, do 20 de decembro, na Convención sobre a prohibición do desenvolvemento, a produción, o almacenamento e o emprego de armas químicas e sobre a súa destrución, en diante a Convención, nas decisións acordadas pola Organización para a Prohibición das Armas Químicas, en diante OPAQ, na Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, e no Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso. Ademais, para os efectos do presente regulamento, entenderase por:

a) Mestura: asociación heteroxénea sólida, líquida ou gasosa, formada por dúas ou máis substancias químicas, das cales ao menos unha delas está sometida a control, cuxos compoñentes, que poden ser separados, non reaccionan entre si nas condicións en que se almacena a mestura.

b) Limiar de declaración: cantidade de substancia química sometida a control a partir da cal son de aplicación as obrigacións establecidas pola Convención, a Lei 49/1999, do 20 de decembro, e o presente regulamento.

c) Cesión: posta á disposición dunha persoa física ou xurídica dunha substancia química sometida a control.

Artigo 3. *Substancias e actividades suxeitas a control.*

1. O presente regulamento será de aplicación ás actividades con substancias químicas controladas pola Convención, relacionadas nas listas 1, 2 e 3 do anexo I deste regulamento, e aos complexos industriais que produzan por síntese substancias químicas orgánicas definidas, tanto se se encontran en estado puro como se forman parte dunha mestura.

2. Para os efectos do presente regulamento, son actividades suxeitas a control o desenvolvemento, investigación, produción, fabricación, transformación, elaboración, consumo, almacenamento, adquisición, conservación, comercialización, distribución, cesión, transporte, importación, introdución, exportación, expedición, tránsito, emprego, posesión ou propiedade das substancias químicas referidas no número anterior.

3. Así mesmo, o control das actividades relacionadas co comercio exterior (corretaxe, importación, introdución, exportación, expedición e tránsito), das substancias das listas do anexo I deste regulamento, e as restricións e condicións en que poida realizarse o dito comercio, rexeranse polo establecido na Lei 53/2007, do 28 de decembro, no Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, e no Regulamento (CE) n.º 428/2009 do Consello.

4. Prohíbese expresamente realizar calquera das actividades citadas no número 2 con substancias da lista 1, en estado puro ou formando parte dunha mestura, excepto as que se efectúen con fins de investigación, médicos, farmacéuticos ou de protección, de conformidade coa epígrafe A da parte VI do anexo de verificación da convención, que estarán limitadas estritamente ás cantidades que se poidan xustificar para eses fins.

5. A cantidade total producida de substancias da lista 1 en instalacións con fins de protección, de investigación, médicos ou farmacéuticos nunca poderá superar os 10 kg ao ano por instalación, de acordo cos números 10 e 11, epígrafe C, parte VI, do anexo de verificación da convención.

6. Os laboratorios con actividades de investigación médica ou farmacéutica, pero non con fins de protección, poderán levar a cabo sínteses de substancias químicas da lista 1 sempre en cantidades inferiores a 100 g ao ano, de acordo co número 12, epígrafe C, parte VI, do anexo de verificación da convención.

7. Os laboratorios e instalacións que pretendan realizar actividades con substancias da lista 1, indicadas nos números 5 e 6 deste artigo, deberán ser previamente aprobados pola Autoridade Nacional para a Prohibición das Armas Químicas, en diante ANPAQ, de acordo cos números 10 e 11, epígrafe C, parte VI, do anexo de verificación da convención.

Artigo 4. *Suxeitos obrigados.*

1. Son suxeitos obrigados polas disposicións recollidas no presente regulamento as persoas físicas ou xurídicas que, de modo habitual ou ocasional, a título gratuíto ou oneroso, realicen ou pretendan realizar en territorio español, nos seus barcos ou aeronaves, calquera das actividades descritas no artigo 3.

2. Con independencia da dita condición, todas as persoas físicas ou xurídicas encadradas en sectores de actividade industrial, comercial, investigadora ou análogos e calquera outro ámbito de actividade público ou privado onde poidan ter lugar actividades suxeitas a control están obrigadas a facilitar a información que, en aplicación da Lei 49/1999, do 20 de decembro, e do presente regulamento, lles sexa requirida pola ANPAQ.

Artigo 5. *Garantía de seguridade.*

1. Sen prexuízo das obrigacións derivadas da vixente normativa de transporte e almacenamento de substancias químicas, os suxeitos obrigados que realicen operacións deste tipo con substancias listadas velarán para que aquelas se efectúen en condicións adecuadas de seguridade.

2. Os suxeitos obrigados que realicen actividades suxeitas a control que teñan por obxecto as referidas substancias actuarán de acordo coas responsabilidades administrativas exixibles no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e cos artigos do capítulo I do título IV da Lei 49/1999, do 20 de decembro.

Artigo 6. *Cumprimento de obrigacións no estranxeiro.*

Os suxeitos obrigados velarán para que as súas sucursais e filiais no estranxeiro teñan establecidos procedementos internos adecuados para previr e impedir operacións con substancias químicas sometidas a control que poñan en risco a seguridade internacional.

TÍTULO II

Información

CAPÍTULO I

Información obrigatoria

Artigo 7. *Subministración de información polos suxeitos obrigados.*

Os suxeitos obrigados presentarán á ANPAQ, a través da súa Secretaría Xeral, as seguintes declaracións:

1. Declaración inicial. Os suxeitos obrigados que por primeira vez realicen actividades con substancias sometidas a control deberán presentar unha declaración inicial en que informen das súas actividades no ano en curso, para o cal utilizarán os formularios incluídos no anexo II deste regulamento que correspondan en función das substancias e do tipo de instalación.

2. Declaracións anuais.

a) Declaracións anuais de actividades previstas. Os suxeitos obrigados que prevexan realizar actividades con substancias das listas 1, 2 ou 3 deberán presentar anualmente unha declaración destas utilizando os formularios que correspondan incluídos no anexo III deste regulamento.

b) Declaracións anuais de actividades realizadas. Os suxeitos obrigados que realizen actividades con substancias químicas sometidas a control deberán presentar anualmente unha declaración destas utilizando os formularios que correspondan incluídos no anexo II deste regulamento.

Artigo 8. *Información que hai que subministrar.*

De forma xeral, os suxeitos obrigados presentarán á ANPAQ, a través da súa Secretaría Xeral, os datos necesarios para cumprir co exixido no artigo 14 deste regulamento e, de forma particular, segundo sexa o tipo de substancia química sometida a control, presentarán a seguinte información:

1. Substancias químicas da lista 1. As instalacións que pretendan ser aprobadas pola ANPAQ, en virtude do establecido no artigo 3.6 deste regulamento, e as que xa o sexan, deberán, utilizando os formularios correspondentes incluídos no anexo II deste regulamento:

a) Indicar a localización exacta da instalación onde se realizan ou se prevexa realizar as actividades, así como unha descrición técnica detallada desta.

b) Notificar calquera proxecto de modificación da instalación previamente a que esta se produza.

c) Declarar a produción, a elaboración, o consumo, a tenza, a investigación, a importación, a introdución, a conservación, a exportación, a expedición, a cesión e/ou o almacenamento de calquera cantidade de substancia da citada lista 1 pura ou que forme parte dunha mestura en calquera grao de pureza.

d) Como cantidade total de cada substancia da lista 1, declarar a suma da cantidade desta como substancia pura, máis a cantidade dela presente en mesturas, máis a cantidade xerada como subproduto ou produto intermedio de reacción.

e) Cando prevexan realizar unha transferencia a ou desde outro Estado parte da OPAQ dalgunha substancia da lista 1, segundo se prevé no número punto 8 do artigo 3, presentar á Autoridade Nacional a través da súa Secretaría Xeral, unha notificación da dita transferencia, utilizando o formulario CN.2 e o seu adxunto 1, contidos no anexo III.

2. Substancias químicas da lista 2. Utilizando os formularios correspondentes incluídos no anexo II deste regulamento:

a) Declararán anualmente a produción, a elaboración e/ou o consumo das substancias da lista 2 pura ou que forme parte dunha mestura, cando se superen respectivamente:

1.º 500 gramos anuais de produción, elaboración e/ou consumo das substancias da lista 2A*.

2.º 50 quilos anuais de produción, elaboración e/ou consumo das substancias da lista 2A.

3.º 500 quilos anuais de produción, elaboración e/ou consumo das substancias da lista 2B.

b) Declararán anualmente a importación, a introdución, a exportación e/ou a expedición de calquera cantidade de substancias da lista 2, pura ou que forme parte dunha mestura.

c) Non declararán as substancias químicas da lista 2 que formen parte dunha mestura nos casos seguintes:

1.º Substancias químicas das partes A ou A* da lista 2, cando a súa concentración na mestura sexa do 1 % ou inferior.

2.º Substancias químicas da parte B da lista 2, cando a súa concentración na mestura sexa do 30 % ou inferior.

d) Como cantidade total de cada substancia da lista 2 declararán a suma da cantidade desta como substancia pura, máis a cantidade dela presente en mesturas por enriba dos limiares respectivos indicados na letra c) anterior, máis a cantidade xerada como subproduto ou produto intermedio de reacción.

3. Substancias químicas da lista 3. Utilizando os formularios correspondentes incluídos no anexo II deste regulamento,

a) Declararán anualmente a produción da substancia da lista 3, pura ou que forme parte dunha mestura, cando a cantidade total producida exceda as 15 toneladas anuais.

b) Declararán anualmente a importación, a introdución, a exportación e/ou a expedición de calquera cantidade de substancia da lista 3, pura ou que forme parte dunha mestura.

c) Non declararán as substancias químicas da lista 3 que formen parte dunha mestura cando a súa concentración nesta sexa do 30 % ou inferior.

d) Como cantidade total de cada substancia da lista 3 declararán a suma da cantidade desta como substancia pura, máis a cantidade dela presente en mesturas por enriba do 30 %, máis a cantidade xerada como subproduto ou produto intermedio de reacción.

4. Complexos industriais que produzan por síntese substancias químicas orgánicas definidas (SQOD). Utilizando os formularios correspondentes incluídos no anexo II deste regulamento,

a) Declararán anualmente a produción de SQOD fabricadas por síntese, incluída a fermentación, cando se superen as 200 toneladas de produción anual.

b) Declararán anualmente a produción de SQOD con átomos de xofre, fósforo ou flúor, fabricadas por síntese, cando se superen as 30 toneladas de produción anual.

c) Non se declararán os complexos industriais en que exclusivamente se fabriquen explosivos, hidrocarburos ou polímeros, aínda que si os seus monómeros.

d) Declararanse as substancias químicas orgánicas definidas puras ou que formen parte dunha mestura.

e) Cando o complexo industrial posúa varias plantas de produción, a cantidade total será a suma das producións de cada unha das plantas. Os produtos intermedios non se terán en conta para o cómputo se se autoconsomen na mesma planta; pero non así se se trasladan a outra planta dentro do mesmo complexo industrial, caso en que haberá que consideralos na suma total.

5. Actualización de datos. Os suxeitos obrigados deberán, así mesmo, comunicar á Secretaría Xeral da ANPAQ:

a) As altas e baixas de actividades suxeitas a control.

b) Os cambios de denominación, domicilio, responsable da instalación e todos aqueles outros datos que supoñan alteración de declaracións e notificacións previamente facilitadas.

6. Informacións adicionais por requirimento da ANPAQ:

a) Con independencia das obrigacións reguladas nos números anteriores, os suxeitos obrigados deberán facilitar, ademais, logo de requirimento da ANPAQ, a información de que dispoñan sobre os clientes cos cales realizan operacións comerciais habitual ou ocasionalmente, as vías utilizadas para a comercialización ou distribución de substancias químicas sometidas a control, así como os procesos industriais nos cales se utilizasen estas e os usos a que se destinan as ditas substancias ou mesturas.

b) O requirimento poderá referirse, entre outros datos, á identidade do cliente, ao enderezo ou sede social deste, á data e lugar das transaccións comerciais, ao medio de transporte utilizado, á identidade e enderezo do transportista e ao uso dado ás substancias químicas ou ás mesturas que as conteñan.

Artigo 9. Prazos.

1. Os suxeitos obrigados realizarán as declaracións a que se refire o artigo 7 do presente regulamento nos prazos seguintes:

a) Declaración inicial (artigo 7.1): no mesmo momento en que se encontren obrigados conforme o establecido na Lei 49/1999, do 20 de decembro, na Convención ou no presente regulamento.

b) Declaración anual de actividades previstas con substancias da lista 1 (artigo 7.2.a): realizarase con anterioridade ao 1 de setembro do ano precedente ao de realización das actividades.

c) Declaración anual de actividades previstas con substancias das listas 2 e 3 (artigo 7.2.a): realizarase antes do 1 de outubro do ano precedente ao de realización das actividades.

d) Declaración anual de actividades realizadas con calquera das substancias das listas 1, 2 ou 3, e nos complexos industriais que producen por síntese substancias químicas orgánicas definidas (artigo 7.2.b): efectuarase antes do 28 de febreiro do ano seguinte ao de realización das actividades.

2. Os suxeitos obrigados realizarán as notificacións e comunicacións a que se refire o artigo 8 do presente regulamento nos prazos seguintes:

- a) Proxecto de modificación da instalación de lista 1 (artigo 8.1.b): 210 días antes de producirse a modificación.
- b) Notificación previa de transferencia de substancias químicas da lista 1 (artigo 8.1.e): efectuarase trinta días antes de que se realice a transferencia, salvo se esta é de saxitoxina en cantidade inferior a 5 miligramos e con fins médicos ou de diagnóstico, caso en que está exenta de notificación previa.
- c) Actualización de datos (artigo 8.5): realizarase antes de que transcorran quince días desde o cambio de situación.

Artigo 10. *Obrigacións de conservación de documentos.*

1. Os suxeitos obrigados reflectirán en soporte documental, mercantil ou administrativo, todas as actividades que realicen con substancias químicas sometidas a control e deberán conservar a dita documentación, incluídos, se for o caso, os rexistros internos de produción, elaboración, consumo, importación, introdución, exportación, expedición e almacenamento, durante cinco anos, contados a partir da data en que se realicen as actividades.

2. A documentación referida no número anterior deberá encontrarse dispoñible co obxecto de poder ser presentada inmediatamente aos equipos de inspección internacionais ou nacionais que así o requiran no exercicio das súas funcións, establecidas na Lei 49/1999, do 20 de decembro, na Convención e no presente regulamento.

CAPÍTULO II

Rexistro de actividades e suxeitos obrigados

Artigo 11. *Disposicións xerais.*

1. O Rexistro de Actividades e Suxeitos Obrigados, creado no artigo 9 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, rexerese polas normas establecidas neste capítulo.

2. O órgano administrativo encargado do Rexistro de Actividades e Suxeitos Obrigados será a Autoridade Nacional para a Prohibición das Armas Químicas, a través da súa Secretaría Xeral.

Artigo 12. *Fins.*

De conformidade co artigo 9 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, o Rexistro de Actividades e Suxeitos Obrigados ten como fins:

- a) Dispor da información relativa ás actividades a que se refiren o artigo 2 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, o artigo 3 deste regulamento e a Convención.
- b) Dispor da información sobre suxeitos obrigados a que se refiren o artigo 2 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, e o artigo 4 deste regulamento.
- d) Dispor da información acerca dos responsables e representantes das instalacións a que se refiren os artigos 3. 2.e) e f) da Lei 49/1999, do 20 de decembro.
- e) Dispor da información necesaria para o exercicio das competencias da ANPAQ.

Artigo 13. *Estrutura.*

1. O Rexistro de Actividades e Suxeitos Obrigados constará dun único libro no cal se inscribirán as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 4.1 do presente regulamento.

2. A cada suxeito obrigado abriráselle unha folla rexistral que comprenderá os datos seguintes:

- a) Datos identificativos.
- b) Representación legal.
- c) Actividades e substancias afectadas pola Lei 49/1999, do 20 de decembro, a Convención e o presente regulamento.
- d) Instalacións en que teñen lugar as ditas actividades.
- e) Calquera outro dato necesario para o cumprimento das funcións de control das actividades reguladas pola Convención, a Lei 49/1999, do 20 de decembro, e o presente regulamento.

Artigo 14. *Contido.*

1. Asignarase un número de rexistro a cada suxeito obrigado, que figurará ao inicio da folla correspondente.

2. Na dita folla inscribíranse os datos e as modificacións, se as houber, que a continuación se indican pola súa orde respectiva:

a) Se o suxeito obrigado é unha persoa física, inscribíranse o nome, apelidos, domicilio particular e identificación do medio preferente ou do lugar para efectos de notificación.

b) Se se trata dunha persoa xurídica inscribírase a razón social da entidade, a súa denominación abreviada, se a houber, o enderezo da sede social e o enderezo electrónico para efectos de notificación.

c) Número de identificación fiscal ou número de identificación de estranxeiros, se esta é a condición do suxeito obrigado.

d) Actividade principal.

e) Código da actividade principal segundo a Clasificación nacional de actividades económicas.

f) Estado da entidade en relación co desenvolvemento da súa actividade, así como a súa transformación, fusión, emisión, disolución ou liquidación, se se levan a cabo.

g) Nome, apelidos e cargo do representante legal da entidade ou de persoa con capacidade recoñecida para levar a cabo operacións en representación da entidade. Se o suxeito obrigado é unha persoa menor de idade ou incapacitada, expresárase a identidade de quen teña a súa garda ou representación legal.

h) Número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico, se se posúen.

i) Substancia ou substancias químicas suxeitas a control (incluídas mesturas), das descritas no artigo 3.1 do presente regulamento, coas cales se realizan ou se pretende realizar actividades sometidas a control.

j) Tipo de actividade ou actividades con substancias sometidas a control das descritas no artigo 3.2 do presente regulamento.

k) Usos en que se empregan, ou aos cales se destinan, as substancias químicas suxeitas a control ou das mesturas que as conteñan.

l) Enderezo das fábricas, establecementos, almacéns ou outros locais onde se levan a cabo actividades con substancias químicas suxeitas a control, ou con mesturas que as conteñan, así como a apertura, peche temporal, peche definitivo ou reapertura destes.

m) Persoa de contacto, enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico das fábricas, establecementos, almacéns ou outros locais expresados no parágrafo anterior e, en caso de seren distintos, tamén dos locais onde se leve a cabo a xestión, administración e/ou dirección das actividades.

3. Os suxeitos obrigados serán responsables da veracidade e actualidade dos datos que subministren.

Artigo 15. *Inscrición no Rexistro.*

1. De conformidade co artigo 9 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, a inscrición no Rexistro de Actividades e Suxeitos Obrigados realizaraa de oficio a ANPAQ, a partir dos datos declarados polos suxeitos obrigados en cumprimento das obrigacións de subministración de información previstas no capítulo 1 do presente título.

2. Unha vez efectuada a inscrición, a Secretaría Xeral da ANPAQ comunicará aos interesados o número de rexistro asignado.

3. A folla rexistral correspondente a cada suxeito obrigado será modificada posteriormente para reflectir os datos e feitos sobrevidos comunicados polos suxeitos obrigados en cumprimento das obrigacións de subministración de información previstas no capítulo 1 do presente título.

Artigo 16. *Xestión do rexistro.*

1. O rexistro xestionarase electronicamente, para cuxos efectos se adoptarán as medidas de seguridade e confidencialidade necesarias.

2. Como anexo do rexistro xestionarase un arquivo individualizado por cada suxeito obrigado, no cal se conservarán as declaracións, comunicacións e notificacións efectuadas por este á Secretaría Xeral da ANPAQ.

Artigo 17. *Acceso ao Rexistro.*

Os cidadáns que o soliciten previamente poderán acceder ao Rexistro de Actividades e Suxeitos Obrigados, na forma, nas condicións e coas limitacións establecidas no artigo 13.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO III

Seguridade e protección de datos

Artigo 18. *Protección de datos.*

1. Os datos, as informacións e a documentación que teñan a consideración de materias clasificadas protexeranse conforme a súa normativa específica. A equivalencia entre a información clasificada da OPAQ e a española que teña tal consideración establécese no anexo IV.

2. Cando non sexa de aplicación o disposto no número anterior, o tratamento dos datos de carácter persoal que se leve a cabo nos supostos regulados polos capítulos I e II deste regulamento someterase á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Tendo en conta a natureza, o ámbito, o contexto e os fins do tratamento, así como os riscos de diversa probabilidade e gravidade para os dereitos e liberdades das persoas físicas, a Secretaría Xeral da ANPAQ aplicará medidas técnicas e organizativas apropiadas co fin de garantir e poder demostrar que o tratamento é conforme coa normativa de protección de datos de carácter persoal. As ditas medidas revisaranse e actualizaranse cando sexa necesario.

TÍTULO III

Verificación

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 19. *Facultade de inspección.*

1. A ANPAQ poderá realizar inspeccións e investigacións sobre as actividades sometidas a control, segundo se establece no capítulo I do título III da Lei 49/1999, do 20 de decembro, na Convención e no presente regulamento, sen prexuízo das actividades de verificación que realice a OPAQ en cumprimento das súas funcións.

2. A ANPAQ velará polo cumprimento da normativa vixente nesta materia e pola protección dos intereses nacionais de seguridade e da industria propietaria da instalación, planta ou local en que se realice a inspección, así como da información sensible de carácter industrial ou comercial.

Artigo 20. *Arranxos loxísticos.*

1. O suxeito obrigado porá á disposición dos equipos de inspección nacional ou internacional un espazo de traballo, sala de reunións ou despacho de oficina, onde estes poidan desenvolver as súas actividades nas mellores condicións e coa máxima privacidade.

2. O dito espazo, que poderá ser cerrado e selado, será utilizado exclusivamente polo equipo de inspección durante as xornadas de inspección.

3. O suxeito obrigado adoptará as medidas de protección necesarias para garantir a inviolabilidade do dito espazo de traballo, así como os documentos e equipamentos contidos nel, durante as xornadas de inspección.

CAPÍTULO II

Inspeccións internacionais

Artigo 21. *Grupo nacional de acompañamento.*

1. A ANPAQ, por proposta do seu secretario xeral, designará os membros do grupo nacional de acompañamento establecido no artigo 16 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, e determinará en cada caso os medios persoais e materiais necesarios para o adecuado cumprimento das súas funcións.

2. Os membros do grupo nacional de acompañamento pertencerán, principalmente, aos departamentos ministeriais integrantes da ANPAQ e serán nomeados en virtude da súa experiencia e cualificación específica, conforme o obxectivo da inspección en cuestión.

Artigo 22. *Funcións do grupo nacional de acompañamento.*

Ademais das facultades recoñecidas no artigo 19 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, o grupo nacional de acompañamento terá as seguintes funcións:

a) Facilitar o apoio loxístico necesario para o adecuado desenvolvemento da inspección.

b) Asesorar os representantes da instalación sobre o nivel de clasificación de confidencialidade da información e dos documentos que se presentarán ao grupo de inspección.

c) Coidar de que as actividades de inspección se desenvolvan conforme as medidas de seguridade da instalación inspeccionada.

d) Acompañar en todo momento o grupo de inspección da OPAQ durante as actividades de inspección.

e) Procurar que se adopten as medidas necesarias de custodia do material técnico introducido en territorio nacional polo grupo de inspección.

f) Concertar a adecuada determinación do perímetro de inspección conforme os fins da inspección e a salvagarda dos intereses nacionais e de seguridade e confidencialidade da instalación inspeccionada.

g) Asistir en todo momento o grupo de inspección da OPAQ e os representantes da instalación no desenvolvemento das actividades de inspección, especialmente na determinación da relevancia, para os fins da inspección, da información subministrada ao grupo de inspección.

Artigo 23. *Notificación dunha inspección OPAQ.*

1. Recibida da OPAQ a notificación dunha inspección, a Secretaría Xeral da ANPAQ realizará as comprobacións do obxecto e lugar da inspección, identidade dos inspectores, punto de entrada ao país e data de chegada, e contestará afirmativa ou negativamente á OPAQ no prazo dunha hora.

2. A Secretaría Xeral da ANPAQ comunicará á instalación afectada, mediante o formulario do anexo V.1 do presente regulamento, a intención da OPAQ de realizar unha inspección e solicitará, segundo o establecido no artigo 13 da Lei 49/1999, do 20 de decembro, mediante o anexo VI do presente regulamento, o consentimento previo, e conforme o artigo 23.a) da citada Lei 49/1999, do 20 de decembro, o nomeamento dun representante legal responsable da instalación, quen estará facultado para tomar as decisións que afecten a inspección. A estes requirimentos responderase no prazo dunha hora.

3. Se non houber resposta por parte da instalación, ou esta for negativa, requirirase a actuación xudicial, segundo o establecido no artigo 13 da Lei 49/1999, do 20 de decembro.

CAPÍTULO III

Inspeccións nacionais

Artigo 24. *Obxecto da inspección.*

Como establece a Lei 49/1999, do 20 de decembro, nos seus artigos 20 e 21, a ANPAQ poderá someter os suxeitos obrigados a inspeccións nacionais con obxecto de:

- a) Verificar que as actividades con substancias controladas se realizan conforme o establecido pola Lei 49/1999, do 20 de decembro, a Convención e o presente regulamento.
- b) Comprobar a exactitude dos datos declarados á ANPAQ.
- c) Verificar o cumprimento das obrigacións de declaración.
- d) Verificar a inexistencia de desvíos de substancias controladas para fins ilícitos.
- e) Verificar a ausencia de calquera actividade con substancias da lista 1, en particular a súa produción, salvo se se realiza conforme as excepcións recollidas no artigo 3 do presente regulamento.

Artigo 25. *Equipo de inspección nacional.*

1. As inspeccións nacionais serán realizadas por un equipo de inspección designado para o efecto que estará integrado por funcionarios da Administración xeral do Estado con destino en calquera dos departamentos representados na ANPAQ.

2. Corresponderá ao presidente da ANPAQ, por proposta do seu secretario xeral, o nomeamento dos membros do equipo de inspección nacional, así como do xefe do equipo de inspección.

3. Integrarán o equipo de inspección nacional un xefe, que será responsable máximo das actividades que se realicen en cumprimento do mandato de inspección e interlocutor principal co suxeito obrigado, e un número variable de inspectores e axudantes de inspección que prestarán as funcións que se determinen en cada caso.

4. Poderá asistir como observador un representante da comunidade autónoma onde se localice a instalación que se vai inspeccionar.

Artigo 26. *Mandato de inspección.*

O presidente da ANPAQ elaborará, en cada caso, un mandato de inspección onde se indicarán o nome do suxeito obrigado, a localización exacta da instalación que se vai inspeccionar, os obxectivos da inspección e os membros do equipo de inspección, con indicación das funcións específicas de cada un.

Artigo 27. *Actividades previas á inspección.*

1. A Secretaría Xeral da ANPAQ notificará ao suxeito obrigado ou ao seu representante legal, mediante o formulario do anexo V.2 do presente regulamento, o seu propósito de realizar unha inspección, ao menos 48 horas antes da chegada prevista do equipo de inspección.

2. Nesta notificación incluírase a información seguinte:

- a) A data e a hora estimada de chegada á instalación.
- b) Os nomes dos membros do equipo de inspección.

3. O suxeito obrigado avisará da recepción da notificación de inspección á Secretaría Xeral da ANPAQ, como máis tarde unha hora despois de recibila, indicando a súa aceptación da inspección e o nome do responsable da instalación para efectos da inspección. Para isto fará uso do formulario recollido no anexo VI do presente regulamento.

4. Se non houber resposta por parte da instalación, ou esta for negativa, requirirase a actuación xudicial, segundo o establecido no artigo 13 da Lei 49/1999, do 20 de decembro.

